



AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO

DIARIO OFICIAL DE GALICIA Luns, 21 de Maio de 2018 - Nº 95

ORDE do 9 de maio de 2018 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para a adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2018/19

Pódena consultar, e imprimir dende o seguinte enderezo: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/25042>

1. Para ser beneficiario desta axuda e preciso cumprir os seguintes requisitos:

- Estar matriculado en 1º e 2º de educación primaria ou alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Respectar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Para o alumnado de 1º e 2º de educación primaria ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000 €.
- Destinar o importe do vale para libros e adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.

2. As solicitudes entregaranse no Centro (unha solicitude única para todos os fillos/as)

3. O prazo de presentación das solicitudes: ata o día 22 de xuño de 2018.

4. Xunto coa solicitude, presentarse a seguinte documentación:

- Copia do DNI/NIE dos membros da unidade familiar, cando non autoricen a consulta telemática.
- Fotocopia do libro de familia en que figuren todos os membros da unidade familiar; No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro (a 31 de decembro de 2016), terá que presentarse documentos que acrediten os membros da unidade familiar (sentenza xudicial de separación ou divorcio, ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do menor, certificado de empadramento familiar, informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello onde resida a familia ou certificado de defunción).
- Grado de discapacidade: deberá acompañarse un dos seguintes documentos: **certificado do grao de minusvalidez** cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%, **resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social** de pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou **documentación acreditativa da condición de pensionista** de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- Renda familiar. Achegarase copia da declaración do IRPF ou, na falta desta, do certificado tributario de imputacións dos membros computables da unidade familiar distintos da persoa solicitante correspondente ao exercicio 2016.
- No caso de violencia de xénero no contorno familiar documentación acreditativa.

5. A contía das axudas para o alumnado que reúna os requisitos segundo a renda per cápita familiar no ano 2016 será de 170€ ou 90 € dependendo dos tramos (ata 5400 € e dende 5401ata 9.000 € respectivamente). O alumnado matriculado en educación especial ou que presente unha discapacidade igual ou superior ao 65 % e que cumpra os requisitos recibirá un importe de 250 €, con independencia da renda per cápita familiar.

6. Enténdese por renda per cápita familiar, a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables (pai, nai, alumno e irmáns). Computarán por dous os membros da unidade familiar (pai, nai, alumno e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, incapacidade permanente ou cunha pensión de xubilación...

7. Para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros 392 (base imponible xeral) e 405 (base imponible do aforro) da declaración da renda 2016.

No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar.

8. Unha vez validada a solicitude e a información requirida entregarase un vale selado e asinado pola dirección do Centro podéndose adquirir os libros polo importe máximo correspondente.

*** Poden consultar e dispoñer de máis información detallada na Secretaría e na Dirección do Centro dentro do seu horario de atención, e tamén polo medios de comunicación dispoñibles (correo electrónico, teléfono e fax).